

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

Artigo 1. Fundamentos e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133 número 2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e de conformidade co disposto no artigo 58, en relación co artigo 20 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, o Concello de Arzúa establece a taxa prevista no número 4 letra i) do citado artigo 20, por licencias de apertura de establecementos, que se rexeran pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2. Feito imponible

1.-Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a unificar se os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade e calquera outra esixida polas correspondentes ordenanzas e regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como orzamento necesario e previo para o outorgamento por este Concello da licenza de apertura a que se refire o artigo 22 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

2.-Para tal efecto, considerase apertura:

- a) A primeira instalación por primeira vez do establecemento para dar comezo as súas actividades.
- b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.
- c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste, e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación destas.

3.-Entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda edificación habitable, estea ou non aberta ó público, que non se destine exclusivamente a vivenda e que:

- a) Se destine ó exercicio dalgunha actividade empresarial fabril, artesá, da construción, comercial e de servizos.
- b) Aínda sen desenvolverse aquelas actividades que sirvan de auxilio ou complemento para estas, ou teñan relación con elas de xeito que lles proporcionen beneficios ou aproveitamentos, como, por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, escritorios, oficinas, despachos ou estudos.

Artigo 3. Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, no seu caso, se leve a cabo en calquera establecemento industrial ou mercantil.

Artigo 4. Responsables

1.-Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral; nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5. Cota tributaria. Que se actualizará ano a ano na mesma proporción ca o índice de prezos ó consumo

1.-A cota tributaria, será a resultante de aplica-las seguintes tarifas, tendo en conta a superficie útil do local ou instalación. Se se tratase de instalacións terase en conta a superficie total delas, incluída o pechamento de protección ou seguridade esixible segundo a normativa que resulte de aplicación.

2.-O cadro de tarifas é o seguinte, segundo a actividade estea ou non encadrada no Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, Regulamento de espectáculos públicos ou norma autonómica na materia:

Superficie	Actividades inocuas	Actividades clasificadas
Ata 25 m ²	100 euros	150 euros
De 26 a 100 m ²	150 euros	200 euros
De 101 a 200 m ²	250 euros	350 euros
De 201 a 400 m ²	400 euros	600 euros
Máis de 400 m ²	600 euros	800 euros

Artigo 6. Exencións e bonificacións

Non se concederá exencións nin bonificacións ningunha da taxa.

Artigo 7. Devengo

1.-A taxa devengase e nace a obrigaón de contribuír ó iniciarse a actividade municipal que constitúe o feito impositivo. Para estes efectos, entenderase iniciada a dita actividade na data de presentación da solicitude de licenzia de apertura.

2.-De facerse a apertura sen licenzia previa, a taxa devengarase ó iniciarse a actividade municipal para determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do procedemento administrativo que se instrúa para autoriza-la apertura ou resolver o peche do local.

3.-A obriga de contribuír non se verá afectada pola denegación da licenzia ou o seu outorgamento condicionado á modificación das características do establecemento, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante.

Artigo 8. Normas de xestión

1.-As persoas interesadas na obtención dunha licenzia de apertura de establecemento industrial ou mercantil presentarán previamente a solicitude no Rexistro Xeral, especificando a actividade ou actividades que pretenda desenvolver no local, acompañada do título de adquisición deste.

2.-Se despois de efectuada a solicitude de licenzia de apertura de varía ou amplía a actividade do local, se alteran as condicións proxectadas ou se amplía o local, estas modificacións deberán comunicarse á Administración municipal, coas mesmas características do número anterior.

3.-Os suxeitos pasivos están obrigados a presenta-la correspondente declaración tributaria nos impresos habilitados para tal efecto pola Administración Tributaria local e a realizar o ingreso da liquidación resultante na Tesourería municipal ou nas entidades bancarias autorizadas, o que se deberá acreditar no momento de presenta-la correspondente solicitude.

4.-Os servizos técnicos comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non atoparse diferenzas cos pedimentos das licenzias.

5.-Se se desen diferenzas, notificaranse estas aos interesados e efectuaranse, de se-lo caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as

autorizacións unha vez que os interesados corrixan as diferencias e realicen os ingresos complementarios que procedan.

Artigo 9. Infraccións e sancións

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto no artigo 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición derogatoria

A partir da entrada en vigor desta ordenanza queda derogada a anterior reguladora da taxa por licencia de apertura.

Disposición derradeira

A presente ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 29 de outubro de 2003, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2004, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.